

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2023/24, convocada pola Resolución do 8 de xuño de 2023 (Diario Oficial de Galicia n.º 116, do 20 de xuño)

No Diario Oficial de Galicia n.º 116, do 20 de xuño de 2023, publicouse a Resolución do 8 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2023/24 entre o persoal docente dos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

No apartado terceiro da dita resolución establécese que, unha vez publicadas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar e do persoal docente interino e substituto excluído, concederáse un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva do persoal docente que ten a obriga de participar.

Con base nos citados apartados, e logo de revisadas as reclamacións, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2023/2024 (Anexo I-Primaria, e Anexo II-Secundaria e outros), convocada pola resolución do 8 de xuño de 2023 (DOG n.º 116, do 20 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade, orde de prioridade e por colectivo.

Segundo. Contra esta resolución o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade co Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa..

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

